



## RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA

**Expediente 29/10:** servizo de difusión e divulgación de información agrogandeira e forestal no xornal de maior difusión dentro da provincia de Lugo.

### ANTECEDENTES:

1.- O expediente mencionado instruíuse para a súa adxudicación mediante procedemento negociado e trámite ordinario de acordo cos artigos 122, 141 a 145 e 154 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).

2.- De acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas que se aprobou para o expediente de referencia, e no apartado K da folia de especificacións, relativo aos criterios para a negociación, realizouse unha valoración e estudo das propostas técnicas e ofertas económicas presentadas sendo os resultados os que aparecen reflectidos na seguinte táboa:

CRITERIO	EL PROGRESO DE LUGO, SL	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Número de informacións agrarias publicadas á semana	20	30
Grado de adecuación dos contidos da información agraria ao servizo de divulgación de información de interese para o sector agrogandeiro e forestal, conforme ás peculiaridades produtivas da provincia de Lugo	20	20
Grado de adecuación das informacións de carácter agrogandeiro, alimentario e forestal ao interese público e á motivación da audiencia polo respecto medioambiental	20	20
TOTAL	60	70

Como resultado das avaliacións correspondentes, e de acordo coas puntuacións obtidas, con data 2 de xullo de 2010 adxudicóuselle provisionalmente á empresa EL PROGRESO DE LUGO, SL o contrato que a continuación se especifica:

**“Servizo de difusión e divulgación de información agrogandeira e forestal no xornal de maior difusión dentro da provincia de Lugo”**

3.- A adxudicataria achegou dentro do prazo legal a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar e, de ser o caso, da concreción das condicións de solvencia, acreditou o cumprimento das obrigas que figuran no prego de cláusulas administrativas particulares, e constituíu a garantía definitiva de 5.296,61 €, na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia.



**4.-** Tendo en conta os artigos 83 e 135 da LCSP, en referencia á clasificación das ofertas e adxudicación provisional e definitiva do contrato, e ao abeiro da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, así coma da Orde do 24 de abril de 2009, da Consellería do Medio Rural sobre delegación de competencias no secretario xeral.

**RESOLVO:**

**1.-** Adxudicar de xeito definitivo o devandito contrato nos seguintes termos:

- Empresa adxudicataria: EL PROGRESO DE LUGO, SL  
CIF: B-27000637

-Orzamento de adxudicación: CENTO VINTE E CINCO MIL EUROS (125.000,00 €), IVE incluído.

**2.-** Publicar esta Resolución de adxudicación no perfil do contratante deste órgano de contratación (<http://mediorural.xunta.es/transparencia/contratacion/>), de conformidade co sinalado nos artigos 42 e 135.4 da LCSP.

**FORMALIZACIÓN DO CONTRATO:** De acordo co previsto no artigo 140.1 da LCSP, o presente contrato deberase formalizar en documento administrativo dentro do prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte ao da notificación desta adxudicación definitiva, constituíndo o devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público, se ben o contratista poderá solicitar a elevación do mesmo a escritura pública facendose cargo de todos os gastos que esto orixine.

**NOTIFÍQUESE** esta adxudicación a todos os candidatos ou licitadores de acordo co previsto no artigo 137 da LCSP.

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2010

O conselleiro  
P.D. (Orde de 24-4-2009)  
O secretario xeral,

Jorge Atán Castro